

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de maio de 2024**

Ás 18.51 horas do día 23 de maio de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 17 DE ABRIL DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 17 de abril de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA PREDILECTA DA
PROVINCIA DE OURENSE Á DOUTORA DONA MARISA CRESPO LEIRO (SAN
CRISTOVO DE CEA 1961).-**

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Todos os grupos manifestan estar a favor desta distinción.

Dª María Mangana Guede, do BNG, aproveita para recordar que esta distinción foi solicitada polo BNG xunto coa de Antonia Ferrín, polo que aproveita para preguntar polo estado do dito expediente.

D. César Fernández Gil, do Grupo Popular, contesta que se trata de dous expedientes distintos e que o relativo a Antonia Ferrín se tramitará proximamente.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), e a abstención de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Outorgarlle a distinción honorífica de Filla Predilecta da Provincia de Ourense a dona Marisa Crespo Leiro (San Cristovo de Cea 1961), de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada pola instrutora do expediente.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta se a Deputación Provincial ten previsto realizar algunhas aportacións ás axudas ERASMUS.

O **presidente da Comisión** contesta que en principio non hai nada previsto e nada se lle formulou.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, en segundo lugar sinala que leva varias semanas querendo contactar co novo director da Área de Cultura e que non lle foi posible polo que formula as seguinte dúbidas: cando se vai a sacar as axudas a entidades para actividades culturais e recreativas e se existe a posibilidade de adquirir o libro editado pola Deputación Provincial *“Los hombres del Circo” de Manuel Rego Nieto*.

D. César Fernández Gil, do Grupo Popular, contesta que o concurso para actividades culturais e recreativas aprobouse na última Xunta de Goberno. Respecto ao libro consultará coa Sección de Publicacións.

E, ás 19.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.